

## Concurso de Entroido 2026 Concello de Boimorto

### BASES

A entidade Anabel López Blanco (Xanela Ocio e animación) con NIF xxx9070x-x contratada a través do concello de Boimorto para a realización da festa e concurso de entroido de 2026 que terá lugar o sábado 14 de febreiro de 2026 no polideportivo municipal, aproba as seguintes bases:

1. Poderán participar as persoas que se acheguen o polideportivo municipal o sábado 14 de febreiro.

A participación no presente concurso supón a aceptación íntegra de todos os puntos contidos nestas bases e que se autoriza ó concello para a utilización das imaxes en carteis, publicacións, medios de comunicación e outros para a promoción da cultura.

#### 2. MODALIDADES:

Haberá dúas modalidades, INDIVIDUAL OU PARELLA e GRUPOS (tres ou máis persoas que representen un mesmo motivo). O concurso realizarase cunha participación mínima en cada categoría de 3 participantes.

#### 3. INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse a través do correo [cultura@boimorto.es](mailto:cultura@boimorto.es) ou chamando o teléfono 981 51 60 20 (falando coa animadora sociocultural).

- No caso de levar música o prazo de inscrición remata o venres 13 de febreiro antes das 15:00 horas.
- No caso de non levar música ata media hora antes de que comece o concurso.

Deberase cubrir unha folla de inscrición.

NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FORA DO HORARIO ESTABLECIDO.

#### 4. PREMIOS

##### Individual ou parella

1º - 150€

2º - 60€

3º - 40€

##### Grupos (dende tres persoas)

1º - 200€

2º - 100€

3º - 50€

Os/as participantes que resulten premiados daranse a coñecer unha vez rematado o concurso no polideportivo municipal que deberán estar presentes no momento da súa entrega.

Os premios están suxeitos a declaración segundo a lexislación vixente.

No caso de non haber participantes en algunha das categorías, o final da entrega de premios sortearase un dos premios desertos entre os asistentes.

#### 5. XURADO

O xurado estará integrado por un/a empregado/a municipal, un representante do equipo de goberno municipal e unha persoa que represente a empresa de animación do evento.

As persoas gañadoras serán escollidas, en cada unha das categorías, en relación á:

- Grupos:

Orixinalidade/estética: 0 – 2 puntos

Vestuario e maquillaxe: 0 – 2 puntos

Traballo feito a man e materiais refugallo: 0-3 puntos

Coreografía /Simpatía: 0-3 puntos

- Individuais:

Orixinalidade /estética: 0 – 2 puntos

Maquillaxe: 0 – 2 puntos

Traballo feito a man e materiais refugallo: 0-3 puntos

Simpatía: 0-3 puntos

O veredicto será inapelable.



A handwritten signature in black ink, appearing to read 'L. Abel', is written over a horizontal line.

Boimorto, a 27 de xaneiro de 2026

